

PEZA DO MES

abril

2013



RETRATO DE ALFREDO NAN
VICENTE DÍAZ Y GONZÁLEZ



— Se ti falaras en cristiano e en vez de barrarín «juje, juje, que te cope er toro» me haberías dito «fuxe que te escorna o boi», a min e loy non m'atropa anque cor: era máis c'o Cristóbal Colón, que tra as vinte.

VIDA GALLEGA, Nº 264, NOV. 1924

Retrato de Alfredo Nan Vicente Díaz y González

Entrañable retrato do poeta e dramaturgo Alfredo Nan de Allariz, caricaturizado como gaiteiro, enarborando a bandeira galega e cun pé en Galicia e outro en Cuba. Representábase cun corpo diminuto en relación á cabeza, seguindo un modelo imposto nas últimas décadas do século XIX polos caricaturistas de prensa. O rostro, cun tratamento máis minucioso que o resto da figura, ofrece un exacto parecido co retratado e consegue transcender a súa personalidade, á vez que revela a mestría do autor na súa faceta de retratista. Nun dos ángulos inferiores, entre motivos vexetais e como referencia á súa actividade, aparece unha folia de papel e varios libros nos que se adiviñan os títulos das súas obras máis coñecidas: *Fume de palla*, *O zoqueiro de Vilaboa* e *Recordos dun vello gaiteiro*.

A obra, rexistrada co número 3.814, está realizada a óleo sobre unha paleta de pintor de madeira, de 32 x 22 cm, e aparece dedicada e asinada no ángulo inferior dereito do anverso “*A Nan de Allariz su devoto V. Díaz González*”. No reverso presenta unha anotación, seguramente posterior, que di “*Retrato del poeta gallego Alfredo Nan de Allariz pintado por Vicente Díaz González, en Ferrol, el día 13 de Mayo de 1909, el mismo día que el poeta cumplía 35 años*”.

Ingresou no Museo en 1959 xunto con outro retrato de Nan de Allariz da autoría do artista ferrolán Felipe Bello Piñeiro que foi peza do mes do Museo en novembro de 2005. O personaxe representado, Alfredo Fernández coñecido por *Alfredo Nan de Allariz* ou simplemente *Nan de Allariz*, naceu, segundo os últimos estudos, o 13 de maio de 1874 en Xinzo de Limia e non en Allariz como comunmente se pensou.

Coñécense poucos datos da súa infancia e adolescencia. Parece que tras unha breve estancia en Madrid, emigrou mozo a Bos Aires, e fixo un periplo por terras americanas que o levaría por Uruguai, Brasil e México para recalar, finalmente, en Cuba, a comezos do século XX. Alí desenvolvería a maior parte da súa actividade

cultural. Na Habana exercerá de crítico e colaborador literario en revistas como *Galicia*, *Follas Novas*, *La Tierra Gallega* e *Suevia*, e traballa moi activamente no seo da comunidade galega, implicándose en diversos proxectos culturais. Un dos máis destacados é a súa participación, como secretario, na Asociación Iniciadora e Protectora da Real Academia Galega, que baixo a presidencia de Curros Enríquez aproba o seu regulamento en 1905. Logo da Fundación da RAG en Galicia, en 1906, Nan de Allariz será socio correspondente.

A súa actividade centrouse no impulso e difusión do teatro galego para o que compuxo obras como *Recordos dun vello gaiteiro*. *Monólogo en verso gallego* (1904) ou *O zoqueiro de Vilaboa*. *Boceto de zarzuela gallega nun acto e tres cadros* (1907). Tamén como comediante e actor dramático acadou notable sona nos escenarios de Cuba, Arxentina e Galicia entre os anos finais do século XIX e o primeiro cuarto do XX. Escribiu ademais abundantes crónicas, contos, algunha novela e poesías como *Fume de palla* (1909) e *A golpes de hacha* (1913), que acadaron considerable aceptación no seu tempo. Toda a súa obra literaria, moi influída polo insigne poeta celanovés, ao que admiraba profundamente, ten un claro matiz de corte rexionalista e de defensa da terra e as xentes da súa Galicia natal e sitúase entre os principais escritores da emigración.

En 1919 regresa definitivamente a España e falece en Madrid en marzo de 1927.

O autor da pintura é Vicente Díaz y González, debuxante e pintor nado en Valdoviño (Ferrol) en 1870 e falecido nesa cidade o 7 de xaneiro de 1941. Non son moitos os datos coñecidos sobre este artista que nas diversas enciclopedias (GEG, EGU) que lle dedican pequenas referencias, aparece como nado no século XIX, sen máis precisións. Para a fixación da data do nacemento e localizar abondosos datos sobre a súa persoa e actividade cómpre recorrer á prensa coetánea, de Galicia, Bos Aires e A Habana.

Sabemos que viviu en Ferrol ata os trece ou catorce anos en que marchou a América. En Cuba dedicouse ao comercio aínda que nunca deixou de lado as súas aspiracións artísticas. Dende 1889 asistiu á Escola Profesional de Pintura e Escultura da Habana onde obtén excelentes cualificacións que lle facilitarán converterse en profesor de Debuxo de Figura no Centro Galego.

Desas datas iniciais é unha copia dun cadro holandés titulado “*A nodriza*” que o autor doou á institución galega e o retrato de Juan Francisco Ramos quen fora presidente da Audiencia de Porto Rico e doador da maior parte da biblioteca do Centro. Xa durante eses anos se definiu a súa vocación principal como retratista, xénero ao que dedicou a maior parte da súa produción artística aínda que tamén se achegaría á temática costumista e a paisaxe.

Despois da súa estadía americana, volta a Galicia en xuño de 1893 e tras o envío dun retrato do ilustre filántropo Ramón Plá y Monge, Marqués de Amboage, consegue do Concello de Ferrol a concesión dunha pensión para continuar os seus estudos en Madrid, na Escola Especial de Pintura, Escultura e Gravado.

Durante os tres anos que permanece na capital compaña os estudos na Escola coa colaboración como ilus-

trador en revistas como *Nuevo Mundo*, iniciando deste xeito unha actividade que tería continuidade anos máis tarde. Como traballo do primeiro ano de pensionado remite ao concello de Ferrol unha copia da obra “Por la Patria”, de Juan Antonio Benlliure.

Despois dun intento de viaxar a Roma, que se frustra por falta de recursos, regresa a Galicia en 1896 e ocupa durante un ano unha praza de profesor na Academia provincial de Belas Artes da Coruña. Logo exercerá como profesor de Colorido e Debuxo na Escola de Artes e Oficios de Ferrol onde tivo por alumno, entre outros, a Bello Piñeiro.

Vicente Díaz concorre tamén a algunha das Exposicións Nacionais de Belas Artes. Obtén unha mención honorífica na de 1896 polo cadro “¿Estará bo o xantar?” e remite para a seguinte novos cadros de temática costumista, os titulados “Costumbres ferrolanas” e “Camiño da Igrexa”. Outras obras coñecidas do autor neste xénero son: “Mozas mariscando”, “Muelle de Fuentelonga”, “Pescadores na praia” e as que colga na Segunda Exposición de Arte Galega na Coruña en 1917: “Guerrilleiro de 1808” (1912) –actualmente no Museo de Belas Artes de A Coruña –, “Boa festa fixemos” e o bosquejo “Adiós, terriña”, todas elas encadrables dentro do realismo rexionalista en voga, centrado na representación arquetípica de escenas e tipos populares cos seus traxes rexionais, mostrados dende unha óptica amable, folclórica, e nos que non podían faltar as referencias ao mundo da emigración.

Da súa faceta de retratista, a súa principal dedicación, coñécense numerosos exemplos, moitos deles realizados por encargo de institucións diversas, entre os que destacan os retratos da raíña rexente María Cristina e o de Concepción Arenal, pintados en 1896 para a corporación da que era pensionado; outro retrato da ilustre pensadora, de 1904, que se conserva na Deputación ourensá e serviu de modelo para a emisión dos selos que levan a súa efixie; o do franciscano natural de Moire (Cea, Ourense), Frei Juan Jacobo Fernández, martirizado en Damasco en 1860, óleo pintado en 1897 para o Centro Galego de Madrid; os do músico compostelán José Castro González e o do escritor galego Joaquín Arias Miranda, de 1907; os de Eladio Mille e José Canalejas, de 1909, encargados polo Centro de Maestranza; o de Leandro de Salaguerri, intendente da Armada xa falecido cando en 1911 o Ministerio de Marina encarga o seu retrato; o de Tomás Mariño Pardo, precursor da navegación aérea, encargo do Concello de Xove en 1922; os da condesa de Espoz e Mina; do doutor Pondal, director do balneario de Mondariz; os de Enrique, Ramón, María e Lola Peinador vestidos de galegos; o do xeneral Comerma, e algúns máis que conforman unha auténtica galería iconográfica de personaxes ilustres da época, nos que o autor demostra ser un bo fisionomista, co logro dun exacto parecido e unha perfecta caracterización psicolóxica.

Entre os retratos máis sentidos e persoais están o que realiza do seu ilustre amigo Curros Enríquez, pintado tamén nunha paleta e reproducido na revista *Galicia* da Habana cando o seu falecemento en 1908; o presente de Nan de Allariz; ou a caricatura a tinta e acuarela de Wenceslao Fernández Flórez que conserva a Deputación coruñesa, realizada en 1907, coincidindo cunha súa exposición de debuxos e pinturas na cidade da Coruña.

Pinta tamén un retrato ao óleo de Lamas Carvajal que regala a súa viúva Rosina Sánchez en 1908, e que puidera ser o mesmo que aparece en 1935 nas “Noticias” do *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* como doazón ao Museo, aínda que non se atopa hoxe entre os seus fondos.

Interesantes son as súas colaboracións como ilustrador en diversas publicacións periódicas, singularmente en *Almanaque Gallego* de Bos Aires, editado por Manuel Castro López, no que as máis das veces son reproducións dos seus cadros, e, sobre todo, na coñecida revista *Vida Gallega*, fundada en Vigo en 1909 por Jaime Solá. Xunto a artistas como Castelao, autor da primeira portada, Maside, Cebreiro e outros menos coñecidos como Vidales Tomé, Padín ou Mareque, Díaz y González participou con algunhas portadas e viñetas interiores xa dende o número 6 e seguirá colaborando de xeito esporádico ata 1930. Na liña xeral dos ilustradores da época desenvolve composicións de tipo costumista tratadas cun ton humorístico e satírico, nas que aparecen como tema recorrente tipos populares cos seus traxes rexionais, labregos e mariñeiros e nas que o ton satírico xorde moitas veces dos enredos provocados pola alternancia de linguas. Trátase de viñetas carentes de modernidade pero moi logradas no seu detallismo e en cuxas lendas amosa unha fina ironía, como nas tituladas “Todo por non traballar”, “Unha duda” e “Falar en cristiano”.

En conxunto, a súa obra é variada e desigual e abrangue tamén algún exemplo de escenografía, como os decorados para a representación de “La apoteosis de la Cruz Roja”, organizada polo propio artista a beneficio das vítimas dos terremotos de Mesina que tivo lugar no teatro Jofre de Ferrol en febreiro de 1909.

O seu labor como miniaturista é do máis recoñecido e valorado da súa produción. Destacan obras como o retrato do filántropo José García Barbón, que regala ao Concello de Vigo en 1909; os retratos da Pardo Bazán e da súa filla Blanca Quiroga, para colocar nun medallón; unha vitela de abano na que aparece toda a familia da insigne escritora, obra moi admirada na Exposición de pintura galega en Madrid en 1912; e unha miniatura de Eduardo VII de Inglaterra sobre marfil.

Por último, cómpre mencionar outras obras de menor entidade, como é a realización de diplomas, bandeiras e estandartes para distintos actos e asociacións folclóricas e musicais, nas que tamén fai gala da súa mestría de miniaturista. Entre eles, o estandarte da rondalla ferrolá “Airiños da Miña Terra”, un pergamiño co nomeamento de Presidente de Honor dos coros galegos a Perfecto Feijóo Poncel, iniciador dos coros rexionais, a iniciativa do coro “Toxos e Froles” en 1919; o diploma que deseña en 1913 para acompañar ás medallas concedidas ás persoas que contribúen ao monumento de homenaxe a Rosalía de Castro; e o debuxo dunha bandeira para entregar á Asociación de dependentes de comercio lucenses por parte dos seus colegas ferroláns en 1926, nos que reproduce pequenas escenas tratadas con minuciosidade.

O seu polifacético labor complétase coa organización de seráns, ceas e homenaxes a distintas personalidades da vida galega da época.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico

XUNTA
DE GALICIA